

[Versión en CASTELÁN](#)

[ENGLISH version](#)

## CONCURSO PÚBLICO NÚMERO 1/2021

**RESOLUCIÓN 1/2021, DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, POLA QUE SE CONVOCA CONCURSO PÚBLICO DE MÉRITOS, PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL INVESTIGADOR E DE APOIO Á INVESTIGACIÓN NO MARCO DE ACTIVIDADES E PROGRAMAS DE I+D+i, QUE FIGURAN NO ANEXO DESTA RESOLUCIÓN A TRAVÉS DO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN ORDINARIA**

A Universidade de Santiago de Compostela convoca concurso Público de méritos Nº 1/2021, polo procedemento ordinario, para contratar persoal que especificamente colabore nas actividades e proxectos de investigación que figuran no [anexo](#) desta Resolución Reitoral, de acordo coas seguintes **bases**.

### BASES DA CONVOCATORIA

#### 1. NORMAS XERAIS

Este concurso réxese polo disposto no *Regulamento de selección de persoal investigador e de apoio á investigación no marco de actividades e programas de I+D+i*, aprobado por Consello de Goberno o 27 de setembro de 2019; na *Normativa da Universidade de Santiago de Compostela para a contratación de persoal con cargo a actividades de investigación, desenvolvemento e innovación (I+D+i)*, aprobada por Consello de Goberno do 26 de marzo de 2014; nos *Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela*, aprobados polo Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro; na *Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades*, modificada pola *Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril* (en diante, LOU); na *Lei 14/2011, de 1 de xuño, da Ciencia, Tecnoloxía e Innovación*, na *Lei 2/2015 do 29 de abril, do emprego público de Galicia*, e, supletoriamente, na *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas* (en diante, LPACAP) e na *Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público* (en diante, LRXSP)

## 2.-OBJECTO

O obxecto da presente convocatoria é a selección de persoal para colaborar nas actividades e proxectos de investigación que figuran no anexo da presente convocatoria.

O persoal contratado colaborará e traballará específica e unicamente na actividade ou proxecto de investigación para o que é contratado, que é de carácter finalista e en todo caso non estrutural, mediante o financiamento externo a través da participación en convocatorias públicas ou privadas, subscripción de convenios, concesión de subvencións, etc., sen prexuízo do establecido na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao Servizo das administracións públicas.

A forma de provisión será a de concurso de méritos, a través da valoración dos criterios de baremación establecidos para cada praza.

## 3.-REQUISITOS DOS CANDIDATOS

Para seren admitidos os aspirantes, ademais de cumprir os requisitos específicos esixidos na actividade ou proxecto de investigación para a que realicen a súa solicitude e que figuran no anexo desta convocatoria, deberán posuír no día de remate de presentación de solicitudes e mantelos ata a data de finalización do contrato, os seguintes requisitos de carácter xeral:

- a) Ter nacionalidade española ou algunha outra de conformidade co artigo 52 da Lei 2/2015 do 29 de abril, do emprego público de Galicia, que permita o acceso ao emprego público.
- b) Estar en posesión da titulación e demais requisitos esixidos na convocatoria para cada categoría no momento do remate do prazo de solicitudes.
- d) Non ter sido despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin estar na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratara de acceder á mesma categoría profesional á que pertencía.

- e) No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.
- f) Ter cumpridos os dezaseis anos.
- g) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.
- h) Acreditar, se é o caso, a capacitación establecida pola Orde ECC/566/2015 do 20 de marzo, ou a que a substitúa, pola que se establecen os requisitos de capacitación que debe cumprir o persoal que manexa animais empregados, criados ou subministrados con fins de experimentación e outros fins científicos, incluíndo a docencia, cando o traballo a realizar comprenda, en todo ou en parte, o uso ou manexo de animais.
- i) Acreditar, no suposto de que a actividade a desenvolver implique o contacto habitual con menores de idade, a carencia de delitos sexuais mediante certificado negativo do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais, de conformidade coa Lei orgánica 1/1996 de protección xurídica do menor ou norma que a substitúa.

#### 4.-PROCEDIMIENTO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

A presentación das solicitudes realizarase unicamente por medios electrónicos a través dos formularios normalizados dispoñibles na sede electrónica da Universidade de Santiago de Compostela, (<https://sede.usc.es/formularios/solicitudes/contratacion.htm>). Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Universidade de Santiago de Compostela <https://sede.usc.es/sede/publica/informacion/aspectosTecnicos.htm> A documentación complementaria presentarase electronicamente utilizando calquera procedemento de copia dixitalizada do documento orixinal. Neste caso, as copias dixitalizadas garantirán a fidelidade co orixinal baixo a responsabilidade da persoa solicitante.

O prazo de presentación de solicitudes será de **CINCO (5) días hábiles** contados a partir do seguinte ao da publicación desta convocatoria. A solicitude irá asinada polo interesado.

## 5.-DOCUMENTACIÓN

As solicitudes deberán ir acompañadas da documentación que se indica, que deberá ser presentada a través da Sede Electrónica:

5.1.- DOCUMENTO EN FORMATO PDF. DO CURRÍCULO VITAE, DESTACANDO OS MERITOS QUE SE ESTABLECEN COMO CRITERIOS DE VALORACIÓN E QUE FIGURAN, PARA CADA PRAZA EN CONCRETO, NO ANEXO DA CONVOCATORIA.

5.2.- DECLARACIÓN RESPONSABLE NA QUE A PERSOA INTERESADA MANIFESTA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE QUE CUMPRE OS REQUISITOS E QUE PODE ACREDITALOS NA DATA FIN DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

5.3.- COPIA DA CERTIFICACIÓN ACADÉMICA NA QUE CONSTEN AS CUALIFICACIÓNS OBTIDAS NOS SEUS ESTUDOS PARA AS PRAZAS NAS QUE SE VALORE O EXPEDIENTE ACADÉMICO NOS MÉRITOS. SOAMENTE PARA ALUMNOS DE FORA DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO.

A Universidade poderá requirir a exhibición dos documentos orixinais xustificativos dos méritos e requisitos.

A inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial, de calquera dato ou información na declaración así como a non presentación da documentación cando lle sexa requirida, determinará a exclusión do proceso de selección e/ou a non formalización do contrato de traballo, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que dea lugar.

## 6.-ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o reitor da USC ditará resolución no prazo de **3 días hábiles** seguintes ao remate do prazo de solicitudes, declarando aprobada a listaxe

provisional de admitidos e excluídos, que poderá consultar no taboleiro electrónico da USC <https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/anunciosTema/0/40/listaxe.htm>, con indicación neste último caso da causa/s de exclusión.

As persoas aspirantes excluída, disporán dun prazo de **DOUS (2) días hábiles**, contados a partir do seguinte ao da publicación da citada resolución, para poder **emendar** os defectos ou acompañar os documentos que que motivaron a súa exclusión.

A emenda farase **UNICAMENTE** a través da sede electrónica da Universidade de Santiago de Santiago de Compostela.

As persoas aspirantes que, dentro do prazo sinalado, non emenden a exclusión ou aleguen a omisión, xustificando o dereito a seren incluídas na relación de admitidos, serán definitivamente excluídos. Esta listaxe, cuxa publicación farase efectiva no prazo de **3 días hábiles** a contar dende o remate de prazo de solicitudes para presentar emendas, poderase consultar no taboleiro electrónico da USC <https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/anunciosTema/0/40/-listaxe.htm>.

Contra a exclusión definitiva poderase interpoñer recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes, ante o reitor, ou ben recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación da mesma, perante o xulgado contencioso-administrativo de Santiago de Compostela.

O feito de figurar na listaxe de admitidos non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas a posesión dos requisitos esixidos, que terán que acreditarse no seu momento.

## 7.-ORGANOS DO PROCESO DE SELECCIÓN

Os órganos de selección, ao abeiro do artigo 5 do *Regulamento de selección de persoal investigador e de apoio á investigación no marco de actividades e programas de I+D+i*, aprobado por acordo do Consello de Goberno do 27 de setembro de 2019, son a Comisión Permanente, cuxa composición e funcións se recollen no seu artigo 6, e as Comisións Especializadas de Selección.

### COMISIONS ESPECIALIZADAS DE SELECCIÓN

1. Para cada convocatoria de contratación están nomeadas as comisións especializadas de selección, publicadas nos anexos coa descrición de cada praza. De conformidade co artigo 7 do Regulamento de selección de persoal investigador e de apoio á investigación no marco de actividades e programas de I+D+i , están formadas por un mínimo de tres persoas investigadoras pertencentes a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no que se requira unha titulación de nivel igual ou superior á esixida na convocatoria. O/A investigador/a principal propoñente da convocatoria presidirá a comisión. Pódense nomear suplentes de acordo cos requisitos mencionados.
  2. Os seus membros deberán absterse de intervir cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23.2 da LRXSP debendo facer manifestación expresa das causas que concorran.
  3. A pertenza a órganos de selección será sempre a título individual e non se poderá exercer en representación ou por conta de ninguén.
  4. Logo da convocatoria da persoa que actúe como presidente/a constituirase a comisión. Na sesión de constitución a comisión acordará todas as decisións que lle correspondan para o correcto desenvolvemento do proceso.
- . As comisións especializadas de selección poderán solicitar un informe experto externo para a valoración que formará parte do expediente.

## 8.-PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN

### FASE I

A selección dos candidatos farase salvagardando os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade pola correspondente Comisión especializada de selección, a cal, á vista das solicitudes e currículos presentados así como dos criterios de baremación publicados, soamente valorará aqueles méritos obtidos ata a data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes.

As propostas das comisións especializadas de selección serán motivadas e recollerán a orde de prelación das persoas aspirantes seleccionadas. De ser o caso, e para asegurar a cobertura dos contratos, a comisión publicará así mesmo unha relación complementaria de aspirantes ordenada segundo a puntuación acadada. A vixencia das listas rematará coa finalización da actividade que deu lugar á súa elaboración.

A comisión poderá declarar deserta a selección dos contratos obxecto de convocatoria no caso de evidenciarse a inadecuación dos méritos das persoas aspirantes mediante acordo suficientemente motivado que se incluíra na correspondente acta.

## FASE II

Unha vez finalizada a actuación da comisión especializada de selección a persoa que actúe como secretaria presentará o expediente no Servizo de Convocatorias e Recursos Humanos de I+D.: [recursoshumanos.investigacion@usc.es](mailto:recursoshumanos.investigacion@usc.es), que conterá;

- a) as solicitudes presentadas
- b) actas das diferentes reunións
- c) a proposta de selección e, se é o caso, a relación complementaria de persoas aspirantes ordenada pola puntuación acadada
- d) os recursos, se é o caso, que se presentasen contra as actuacións da comisión

A comisión especializada de selección disporá de **7 días hábiles** para elevar a proposta de contratación á Reitoría e publicala no taboleiro electrónico a contar desde a publicación da lista definitiva de aspirantes.

A resolución reitoral de selección publicarase no taboleiro electrónico (<https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/anunciosTema/0/40/listaxe.htm>.) no prazo máximo de **3 días hábiles** a contar desde a recepción da proposta de selección e indicará o prazo para a persoa seleccionada formalice o contrato.

O prazo máximo para resolver a convocatoria de selección será de 1 mes a contar desde a súa publicación.

Contra a resolución de selección, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago/Compostela no prazo de 2 meses a contar desde o día seguinte á publicación no Taboleiro Electrónico da Universidade.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e 124 da LPACAP.

Así mesmo, os actos que se deriven das diferentes convocatorias e das actuacións das comisións de selección poderán ser impugnados nos casos e na forma establecida pola LPACAP.

A interposición de recursos non interromperá o proceso de contratación.

## 9.-CARACTERÍSTICAS DOS CONTRATOS

O persoal contratado a través desta convocatoria adicarase en exclusividade á realización das actividades propias do proxecto/actividade de investigación que orixinase a convocatoria, polo que a duración da contratación está vinculada directamente á propia vida do proxecto/actividade específica así como á existencia de financiación concreta derivada do mesmo.

Os contratos terán carácter laboral temporal e realizaranse preferentemente baixo a modalidade de contrato de obra ou servizo determinado/ para a realización dun proxecto específico de investigación, ou de acordo co que se dispoña no anexo do contrato convocado, baixo calquera das modalidades contractuais temporais ou formativas previstas na lexislación laboral vixente.

As persoas seleccionadas que estean en posesión dun título estranxeiro deberán entregar, **no momento de sinatura do contrato**, a solicitude para obter a declaración de equivalencia á titulación e nivel académico esixido para a convocatoria na que foron seleccionados, ou a



homologación no suposto de títulos que habiliten para unha profesión regulada, de conformidade co Real decreto 967/2014, do 21 de novembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para a homologación e declaración de equivalencia a titulación e nivel académico universitario oficial e para a validación de estudos estranxeiros de educación superior, e o procedemento para determinar a correspondencia aos niveis do marco español de cualificacións para a educación superior dos títulos oficiais de Arquitecto, Enxeñeiro, Licenciado, Arquitecto Técnico, Enxeñeiro Técnico e Diplomado

A retribución bruta dos contratos é a especificada, para cada caso concreto, no anexo da convocatoria. O contrato implicará ademais a alta no réxime xeral da Seguridade Social. Os importes contemplados poderán sufrir as variacións que establezan as normas que lles sexan de aplicación ou por causas sobreñaídas non previstas inicialmente.

#### **10.-NATUREZA DOS CONTRATOS**

A contratación non implica ningún compromiso en canto á posterior incorporación ao cadro de persoal da Universidade de Santiago de Compostela.

#### **11.-RESPONSABILIDADES SUBSIDIARIAS**

As persoas contratadas deberán manter a confidencialidade da actividade que realicen, así como gardar sigilo de todas as cuestións e asuntos inherentes á mesma e das que sexa coñecedor.

#### **12.-INCOMPATIBILIDADES**

Os contratos obxecto da convocatoria quedan sometidos, en canto ao seu réxime de incompatibilidades, ao previsto na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas.

#### **13.-CRITERIOS DE BAREMACIÓN**

Os criterios de baremación que se terán en conta serán os que figuran, para cada contrato en concreto, no anexo desta convocatoria.

## 14-NOTIFICACIÓN ÁS PERSOAS ASPIRANTES

De acordo co artigo 9 do *Regulamento de selección de persoal investigador e de apoio á investigación no marco de actividades e programas de I+D+i*, aprobado por Consello de Goberno o 27 de setembro de 2019, as publicacións detalladas nestas bases, así como a información doutros actos que dela se deriven, que requiran publicación, para os efectos de notificación e de cómputo de prazos, realizaranse no taboleiro electrónico da USC (<https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/anunciosTema/0/40/listaxe.htm>), única notificación válida.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela/Lugo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte a súa recepción, de conformidade cos artigos 46 e 8.2 a) da Lei da xurisdición contencioso-administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ó abeiro dos artigos 123 e 124 da LPACAP.

Santiago de Compostela, 11 de febreiro de 2021

Por delegación do Reitor  
 (Resolución do 30/04/2020, DOG 11/05/2020)  
 O Vicerreitor de Investigación e Innovación,  
 Vicente Pérez Muñuzuri  
 (Documento asinado dixitalmente)

Convocatoria pública 1/2021  
REFERENCIA DA PRAZA: 2018-PG043

DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS		
Denominación	Consolidación e estruturación 2018 GRC GI-1837 UNIDADE DE XESTIÓN FORESTAL SOSTIBLE (UXFS) <i>Proxecto financiado pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade</i>	
Centro de Traballo	Escola Politécnica Superior de Enxeñaría	
Investigador principal	RODRIGUEZ SOALLEIRO, ROQUE JULIO	
Membros da Comisión Especializada de Selección	Presidente/a: RODRIGUEZ SOALLEIRO, ROQUE JULIO; Secretario/a: DIEGUEZ ARANDA, ULISES; Vocal: ALVAREZ GONZALEZ, JUAN GABRIEL	
CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS		
Número de prazas	1	
Traballo a realizar	Desenvolvemento de aplicacións informáticas para unha xestión forestal baseada en métodos cuantitativos	
Funcións a realizar	Traballo sobre algoritmos de optimización diferenciable aplicables á planificación forestal a nivel monte. - Traballo sobre técnicas heurísticas aplicables á planificación forestal a nivel monte considerando restricións espaciais. - Desenvolvemento de aplicacións informáticas de optimización forestal multiobxectivo.	
Retribución bruta mensual	1575,02 €	
Duración do contrato*	8 meses	
Data de inicio prevista**	A partir do día seguinte á data da resolución reitoral de selección	
Xornada laboral	Tempo completo ( 35,00 horas semanais ) 09:00 14:00 16:00 18:00	
Categoría laboral	Investigador colaborador	
REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS/AS		
TITULACIÓN REQUIRIDA		
Licenciatura, enxeñaría, arquitectura, grao, máster universitario ou equivalente		
MERITOS A VALORAR		
Ítems	Concepto do Ítem	Puntos
Ítem nº 1	Titulación universitaria relacionada co ámbito forestal	15
Ítem nº 2	Coñecemento de técnicas de modelización e simulación do crecemento e a produción de masas forestais, e de técnicas de optimización a nivel rodal e monte	20
Ítem nº 3	Coñecemento de BBDD (MySQL/Microsoft SQL Server), dos Web Framework TurboGears e Flask, de Python científico (NumPy, SciPy, Matplotlib e Pandas) e de servidores Web (Apache) en GNU Linux	20
Ítem nº 4	Experiencia no desenvolvemento de aplicacións informáticas para a xestión forestal	20
Ítem nº 5	Entrevista persoal. A entrevista realizarase unicamente a/os candidata/o/s que na suma do resto dos méritos acaden un mínimo de 50 puntos.	25

\*A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adxudicación do contrato e/ou da duración da actividade/proxecto de investigación.

\*\* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adxudicación do contrato.

Convocatoria pública 1/2021

REFERENCIA DA PRAZA: 2018-PG044

2

DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS		
Denominación	Consolidación e estruturación 2018 GRC GI-1416 Unidade de Investigación das Condutas de Risco e os Trastornos no Desenvolvemento (UNDERISK) <i>Proxecto financiado pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade</i>	
Centro de Traballo	Facultade de Psicoloxía	
Investigador principal	ROMERO TRIÑANES, ESTRELLA	
Membros da Comisión Especializada de Selección	Presidente/a: ROMERO TRIÑANES, ESTRELLA Secretario/a: GOMEZ FRAGUELA, JOSE ANTONIO Vocal: VILLAR TORRES, PAULA	
CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS		
Número de prazas	1	
Traballo a realizar	Xestión de proxectos lonxitudinais en problemas de conduta temperás e publicación científica a partir de análises con MPlus	
Funcións a realizar	Coordinación de estudos de campo no eido dos problemas de conduta temperás, Xestión e análise de datos lonxitudinais con MPlus, Difusión científica de estudos no campo dos problemas de conduta temperáns	
Retribución bruta mensual	1767,70€	
Duración do contrato*	3 meses	
Data de inicio prevista**	A partir do día seguinte á data da resolución reitoral de selección	
Xornada laboral	Tempo completo ( 35,00 horas semanais ) 10:00 14:00 15:00 18:00	
Categoría laboral	Técnico Superior de Investigación	
REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS/AS		
TITULACIÓN REQUIRIDA		
Doutor/a, grao, licenciatura, arquitectura, enxeñaría ou equivalentes		
MERITOS A VALORAR		
Ítems	Concepto do Ítem	Puntos
Ítem nº 1	DOUTORADO EN PSICOLOXÍA	15
Ítem nº 2	COÑECEMENTO ACREDITADO LINGUA GALEGA. NIVEL MINIMO CELGA 4	15
Ítem nº 3	PUBLICACIÓNS CIENTÍFICAS NO ESTUDO LONXITUDINAL DE PROBLEMAS DE CONDUCTA TEMPERANS	25
Ítem nº 4	EXPERIENCIA ACREDITABLE NA ANÁLISE LONXITUDINAL CON MPLUS	20
Ítem nº 5	ENTREVISTA PERSOAL. A ENTREVISTA REALIZARASE UNICAMENTE A/OS CANDIDATA/O/S QUE NA SUMA DO RESTO DOS MÉRITOS ACADEN UN MÍNIMO DE 50 PUNTOS.	25

\*A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adxudicación do contrato e/ou da duración da actividade/proxecto de investigación.

\*\* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adxudicación do contrato.

Convocatoria pública 1/2021

REFERENCIA DA PRAZA: 2018-PG052

3

DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS		
Denominación	Consolidación e estruturación 2018 GRC GI-1935 Reactividade e Catálise (RyC) <i>Proxecto financiado pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade</i>	
Centro de Traballo	Centro de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares (CIQUS)	
Investigador principal	SARDINA LOPEZ, FRANCISCO JAVIER	
Membros da Comisión Especializada de Selección	Presidente/a: SARDINA LOPEZ, FRANCISCO JAVIER Secretario/a: PALEO PILLADO, MARIA RITA Vocal: GARCIA RIO, LUIS	
CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS		
Número de prazas	1	
Traballo a realizar	Determinación estrutural e cuantificación de substancias orgánicas en artigos de consumo por técnicas espectroscópicas	
Funcións a realizar	Extracción de substancias orgánicas de produtos de consumo, Separación e purificación dos extractos brutos obtidos, Aplicación de distintas técnicas espectroscópicas (RMN e IR) para a identificación das substancias ailladas	
Retribución bruta mensual	1767,70 €	
Duración do contrato*	5, 5 meses	
Data de inicio prevista**	A partir do día seguinte á data da resolución reitoral de selección	
Xornada laboral	Tempo completo (35,00 horas semanais) 10:00 14:00 16:00 19:00	
Categoría laboral	Técnico/a superior de investigación	
REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS/AS		
TITULACIÓN REQUIRIDA		
Doutor/a, grao, licenciatura, arquitectura, enxeñaría ou equivalentes		
MERITOS A VALORAR		
Ítems	Concepto do Ítem	Puntos
Ítem nº 1	Máster en Química	25
Ítem nº 2	Especialización en aplicación da Resonancia Magnética Nuclear a análise de misturas	15
Ítem nº 3	Experiencia acreditable en análise químico de produtos de consumo por técnicas espectroscópicas	35
Ítem nº 4	Entrevista persoal. A entrevista realizarase unicamente a/os candidata/o/s que na suma do resto dos méritos acaden un mínimo de 50 puntos.	25

\* A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adxudicación do contrato e/ou da duración da actividade/proxecto de investigación.

\*\* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adxudicación do contrato.

Convocatoria pública 1/2021

REFERENCIA DA PRAZA: 2019-PG012

4

DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS		
Denominación	CONSOLIDACIÓN 2019 GPC GI-1707 ANATOMÍA PATOLÓGICA VETERINARIA – GAPAVET <i>Proxecto financiado pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade</i>	
Centro de Traballo	Facultade de Veterinaria	
Investigador principal	QUIROGA BERDEAL, MARIA ISABEL	
Membros da Comisión Especializada de Selección	Presidente/a: QUIROGA BERDEAL, MARIA ISABEL Secretario/a: BERMUDEZ POSE, ROBERTO Vocal: VAZQUEZ RODRIGUEZ, SONIA	
CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS		
Número de prazas	1	
Traballo a realizar	Desenvolvemento de traballos para Gapavet no ámbito da Saúde das especies animais de interese en veterinaria e biomedicina, con especial énfasis en especies piscícolas	
Funcións a realizar	Realización de análise morfoloxolóxicos e moleculares de especies de interese en veterinaria e biomedicina, Apoio as actividades de deseño e execución de protocolos de investigación no ámbito da saúde e benestar dos animais, Apoio ás actividades de formación e divulgación científica realizadas polo grupo de investigación no contexto da axuda de consolidación 2019 GPC, Avaliación de resultados e redacción de informes e publicacións científicas, Redacción de proxectos	
Retribución bruta mensual	1.036,07€	
Duración do contrato*	3 meses	
Data de inicio prevista**	A partir do día seguinte á data da resolución reitoral de selección	
Xornada laboral	Tempo parcial (17,50 horas semanais) Luns a venres de 18:00 a 21:30	
Categoría laboral	Investigador/a asociado/a	
REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS/AS		
TITULACIÓN REQUIRIDA		
Doutor/a		
MERITOS A VALORAR		
Ítems	Concepto do Ítem	Puntos
Ítem nº 1	Grao ou licenciatura en Veterinaria	10
Ítem nº 2	Máster no campo da saúde de animais acuáticos	5
Ítem nº 3	Doutorado en Veterinaria no campo da saúde de peixes	25
Ítem nº 4	Experiencia acreditable no ámbito do estudo da saúde de animais acuáticos (publicacións, comunicacións a congresos, contratos de investigación e participación en proxectos e contratos en actividades de I+D, participación en actividades de divulgación científica)	25
Ítem nº 5	Título internacional de especialista en saúde de animais acuáticos	10
Ítem nº 6	Entrevista persoal. A entrevista realizarase unicamente a/os 3 candidata/o/s que na suma do resto dos méritos acaden un mínimo de 50 puntos.	25

\*A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adxudicación do contrato e/ou da duración da actividade/proxecto de investigación.

\*\* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adxudicación do contrato.

Convocatoria pública 1/2021

REFERENCIA DA PRAZA: 2019-PG038

5

DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS		
Denominación	CONSOLIDACIÓN 2019 GRC GI-2136 Grupo de Investigación en Matemáticas – GiMAT <i>Proxecto financiado pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade</i>	
Centro de Traballo	Facultade de Matemáticas	
Investigador principal	GARCIA RIO, EDUARDO	
Membros da Comisión Especializada de Selección	Presidente/a: GARCIA RIO, EDUARDO Secretario/a: LADRA GONZALEZ, MANUEL EULOGIO Vocal: MAJADAS SOTO, JOSE JAVIER	
CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS		
Número de prazas	1	
Traballo a realizar	Análise das álxebras perfectoides e a súa relación coa regularidade das álxebras correspondentes.	
Funcións a realizar	Análise dos aneis de periodos con métodos simpliciais, Aplicacións das álxebras perfectoides na Teoría de Hodge p-ádica, Desenvolvemento de ferramentas computacionais para o cálculo dos aneis.	
Retribución bruta mensual	1575,02 €	
Duración do contrato*	8 meses	
Data de inicio prevista**	A partir do día seguinte á data da resolución reitoral de selección	
Xornada laboral	Tempo completo ( 35,00 horas semanais ) 10:00 14:00 16:00 19:00	
Categoría laboral	Investigador/a colaborador	
REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS/AS		
TITULACIÓN REQUIRIDA		
Licenciatura, enxeñaría, arquitectura, grao, máster universitario ou equivalente		
MERITOS A VALORAR		
Ítems	Concepto do Ítem	Puntos
Ítem nº 1	Expediente académico	35
Ítem nº 2	Formación específica en Xeometría Alxébrica Aritmética	30
Ítem nº 3	Coñecementos de programación e cálculo simbólico	10
Ítem nº 4	Entrevista persoal. A entrevista realizarase unicamente a/os candidata/o/s que na suma do resto dos méritos acaden un mínimo de 50 puntos.	25

\*A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adxudicación do contrato e/ou da duración da actividade/proxecto de investigación.

\*\* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adxudicación do contrato.

Convocatoria pública 1/2021

REFERENCIA DA PRAZA: 2019-PG063

6

DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS		
Denominación	Axudas para a acreditación, estruturación e mellora de centros de investigación do SUG - CENTROS SINGULARES 2019 – CIQUS <i>Axuda financiada pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia e cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do Programa Operativo de Galicia 2014-2020 nunha porcentaxe do 80%</i>	
Centro de Traballo	Centro de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares (CIQUS)	
Investigador principal	PEREZ MEIRAS, MARIA DOLORES	
Membros da Comisión Especializada de Selección	Presidente/a: PEREZ MEIRAS, MARIA DOLORES Secretario/a: PELAZ GARCIA, BEATRIZ Vocal: MASCAREÑAS CID, JOSE LUIS	
CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS		
Número de prazas	1	
Traballo a realizar	Apoio científico-técnico especializado para o uso dos equipos de microscopía óptica e citometría do CIQUS	
Funcións a realizar	Manexo dos equipos e xestión do seu uso, incluíndo formación a usuarios, Supervisión das necesidades de mantemento e actualizacións dos equipos, Apoio científico-técnico a investigadores e grupos usuarios, en particular no ámbito da química biolóxica	
Retribución bruta mensual	1.554,11€	
Duración do contrato*	12 meses	
Data de inicio prevista**	A partir do día seguinte á data da resolución reitoral de selección	
Xornada laboral	Tempo parcial ( 26,25 horas semanais ) 9:00 a 14:15h.	
Categoría laboral	Investigador/a asociado/a	
REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS/AS		
TITULACIÓN REQUIRIDA		
Doutor/a		
MERITOS A VALORAR		
Ítems	Concepto do ítem	Puntos
Ítem nº 1	Doutoramento en bioloxía, con perfil de Bioloxía celular, molecular e/ou microscopía	15
Ítem nº 2	Curriculum investigador nos ámbitos da bioloxía molecular, celular e/ou microscopía: participación en proxectos, publicacións, patentes e estadias de investigación	30
Ítem nº 3	Experiencia acreditable no manexo de equipos de microscopía de epifluorescencia, confocal, e/ou hiperespectral e en equipos de citometría	30
Ítem nº 4	Entrevista persoal. A entrevista realizarase unicamente a/os candidata/o/s que na suma do resto dos méritos acaden un mínimo de 50 puntos.	25

\*A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adxudicación do contrato e/ou da duración da actividade/proxecto de investigación.

\*\* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adxudicación do contrato.



Convocatoria pública 1/2021

REFERENCIA DA PRAZA: 2019-PG065

7

DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS		
Denominación	Axudas para a acreditación, estruturación e mellora de centros de investigación do SUG - CENTROS SINGULARES 2019 – IGFAE <i>Axuda financiada pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia e cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do Programa Operativo de Galicia 2014-2020 nunha porcentaxe do 80%</i>	
Centro de Traballo	Instituto Galego de Física de Altas Enerxías (IGFAE)	
Investigador principal	SALGADO LOPEZ, CARLOS ALBERTO	
Membros da Comisión Especializada de Selección	Presidente/a: SALGADO LOPEZ, CARLOS ALBERTO Secretario/a: CORTINA GIL, MARIA DOLORES Vocal: MAS SOLE, JAVIER	
CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS		
Número de prazas	1	
Traballo a realizar	Estudo do solución de supergravidade con implicacións na física de sabor en presenza de campos de gauge de fondo.	
Funcións a realizar	Xeración de coñecemento sobre modelos con dualidade holográfica derivadas de supergravidade, elaboración de códigos de manipulación alxebraica e numérica para a súa resolución, estudo das implicacións físicas de ditas solucións.	
Retribución bruta mensual	2072,14€	
Duración do contrato*	12 meses	
Data de inicio prevista**	A partir do día seguinte á data da resolución reitoral de selección	
Xornada laboral	Tempo completo (35,00 horas semanais) 09:00 13:00 15:00 18:00	
Categoría laboral	Investigador/a asociado/a	
REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS/AS		
TITULACIÓN REQUIRIDA		
Doutor/a		
MERITOS A VALORAR		
Ítems	Concepto do ítem	Puntos
Ítem nº 1	Experiencia laboral acreditable en Física Teórica	25
Ítem nº 2	Publicacións en supergravidade e dualidade AdS/CFT no primeiro quartil.	25
Ítem nº 3	Estadías en centros internacionais dun mes ou máis de duración con actividade acreditable en supergravidade e dualidad AdS/CFT	25
Ítem nº 4	Entrevista persoal. A entrevista realizarase unicamente a/os candidata/o/s que na suma do resto dos méritos acaden un mínimo de 50 puntos.	25

\*A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adxudicación do contrato e/ou da duración da actividade/proxecto de investigación.

\*\* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adxudicación do contrato.

Convocatoria pública 1/2021

REFERENCIA DA PRAZA: 2020-PG006

8

DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS		
Denominación	Consolidación 2020 GRC GI-1252 Ecotoxicología y ecofisiología vegetal – ECOTOX <i>Proxecto financiado pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade</i>	
Centro de Traballo	Facultade de Bioloxía	
Investigador principal	CARBALLEIRA OCAÑA, ALEJO	
Membros da Comisión Especializada de Selección	Presidente/a: CARBALLEIRA OCAÑA, ALEJO Secretario/a: FERNANDEZ ESCRIBANO, JOSE ANGEL Vocal: RETUERTO FRANCO, JOSE CARLOS RUBEN	
CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS		
Número de prazas	1	
Traballo a realizar	Traballos sobre respostas ecofuncionais de especies de comunidades dunares ao cambio global	
Funcións a realizar	Seguimiento de experimentos en campo e invernadoiro, Análise de datos, Interpretación de resultados, Redacción de publicación	
Retribución bruta mensual	1554,11€	
Duración do contrato*	10 meses	
Data de inicio prevista**	A partir do día seguinte á data da resolución reitoral de selección	
Xornada laboral	Tempo parcial (26,25 horas semanais ) 10:00 14:00 16:00 17:30	
Categoría laboral	Investigador/a asociado/a	
REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS/AS		
TITULACIÓN REQUIRIDA		
Doutor/a		
MERITOS A VALORAR		
Ítems	Concepto do ítem	Puntos
Ítem nº 1	Experiencia acreditable (mediante a publicación de resultados en revistas listadas no JCR) en investigación sobre respostas eco-funcionais de plantas vasculares a escenarios de cambio global	60
Ítem nº 2	Experiencia acreditable no emprego de técnicas ecofisiolóxicas (fluorescencia clorofílica, reflectancia espectral, intercambio de gases), seguimento demográfico de plantas vasculares (supervivencia, fenoloxía) e xestión de redes automatizadas de sensores ambientais	15
Ítem nº 3	Estancias no estranxeiro para a realización de estudos de cambio global e/o caracterización de ecosistemas dunares	5
Ítem nº 4	Participación en proxectos relacionados con respostas eco-funcionais de plantas vasculares a escenarios de cambio global.	10
Ítem nº 5	Entrevista persoal. A entrevista realizarase unicamente a/os candidata/o/s que na suma do resto dos méritos acaden un mínimo de 60 puntos.	10

\*A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adxudicación do contrato e/ou da duración da actividade/proxecto de investigación.

\*\* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adxudicación do contrato.

Convocatoria pública 1/2021

REFERENCIA DA PRAZA: 2020-PG009

9

DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS		
Denominación	Consolidación 2020 GRC GI-1595 Catálisis Organometálica y Materiales Moleculares Orgánicos – COMMO <i>Proxecto financiado pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade</i>	
Centro de Traballo	Centro de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares (CIQUS)	
Investigador principal	GUITIAN RIVERA, ENRIQUE CARLOS	
Membros da Comisión Especializada de Selección	Presidente/a: GUITIAN RIVERA, ENRIQUE CARLOS Secretario/a: PEÑA GIL, DIEGO Vocal: PEREZ MEIRAS, MARIA DOLORES	
CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS		
Número de prazas	3	
Traballo a realizar	Síntese, aillamento e caracterización de compostos orgánicos	
Funcións a realizar	Deseño e Síntese de compostos orgánicos, Aillamento e purificación de compostos orgánicos e estudo espectroscópico de compostos	
Retribución bruta mensual	780 €	
Duración do contrato*	5 meses	
Data de inicio prevista**	A partir do día seguinte á data da resolución reitoral de selección	
Xornada laboral	Tempo parcial ( 17,5 horas semanais ) 10:00 13:30	
Categoría laboral	Investigador colaborador	
REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS/AS		
TITULACIÓN REQUIRIDA		
Licenciatura, enxeñaría, arquitectura, grao, máster universitario ou equivalente		
MERITOS A VALORAR		
Ítems	Concepto do Ítem	Puntos
Ítem nº 1	Licenciatura ou Grao en Química	25
Ítem nº 2	Cursar Máster en Química Orgánica ou Máster en Química en la Frontera con la Biología y la Ciencia de Materiales	25
Ítem nº 3	Experiencia acreditable en química de arinos	25
Ítem nº 4	Entrevista persoal. A entrevista realizarase unicamente a/os candidata/o/s que na suma do resto dos méritos acaden un mínimo de 50 puntos.	25

\*A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adxudicación do contrato e/ou da duración da actividade/proxecto de investigación.

\*\* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adxudicación do contrato.

Convocatoria pública 1/2021

REFERENCIA DA PRAZA: 2020-PG011

10

DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS		
Denominación	Consolidación 2020 GRC GI-1866 Valoración financeira aplicada – VALFINAP <i>Proxecto financiado pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade</i>	
Centro de Traballo	Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais	
Investigador principal	OTERO GONZALEZ, LUIS ALBERTO	
Membros da Comisión Especializada de Selección	Presidente/a: OTERO GONZALEZ, LUIS ALBERTO Secretario/a: DURAN SANTOMIL, PABLO Vocal: FERNANDEZ LOPEZ, SARA	
CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS		
Número de prazas	1	
Traballo a realizar	Realizar mostraxes na metade sur de Galicia para detectar a posible presenza de mosquitos (dípteros), vectores de enfermidades humanas e animais. Identificación de especies de dípteros que son vectores de enfermidades. Estudo da bioloxía, ecoloxía e distribución destas especies	
Funcións a realizar	Xestión e coordinación actividades científicas e de difusión do grupo., Apoio o desenvolvemento de Estudos sobre ESG, Apoio o desenvolvemento de Estudos sobre dixitalización na empresa	
Retribución bruta mensual	1325,775€	
Duración do contrato*	32 meses	
Data de inicio prevista**	A partir do día seguinte á data da resolución reitoral de selección	
Xornada laboral	Tempo parcial ( 17, 5 horas semanais )Luns 9-14; Martes 16-20, Mércores 9-14 e Xoves, 16-19:30	
Categoría laboral	Técnico/a superior de investigación	
REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS/AS		
TITULACIÓN REQUIRIDA		
Doutor/a, grao, licenciatura, arquitectura, enxeñaría ou equivalentes		
MERITOS A VALORAR		
Ítems	Concepto do Ítem	Puntos
Ítem nº 1	Doctor en Economía, Dereito, ADE , Ciencias Empresariais	25
Ítem nº 2	Experiencia acreditada en petición de proxectos competitivos en ciencias xurídicas e sociais	30
Ítem nº 3	Publicación e coordinación de estudos en RSE e economía dixital	20
Ítem nº 4	Experiencia acreditable na organización de cursos de posgrao ou xornadas e seminarios de RSE	10
Ítem nº 5	Entrevista persoal. A entrevista realizarase unicamente a/os candidata/o/s que na suma do resto dos méritos acaden un mínimo de 75 puntos.	15

\*A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adxudicación do contrato e/ou da duración da actividade/proxecto de investigación.

\*\* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adxudicación do contrato.

Convocatoria pública 1/2021

REFERENCIA DA PRAZA: 2020-PG022

11

DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS		
Denominación	Consolidación 2020 GPC GI-1510 Historia da Arte, da Arquitectura e do Urbanismo – HAAYDU <i>Proxecto financiado pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade</i>	
Centro de Traballo	Facultade de Xeografía e Historia	
Investigador principal	VIGO TRASANCOS, ALFREDO MANUEL	
Membros da Comisión Especializada de Selección	Presidente/a: VIGO TRASANCOS, ALFREDO MANUEL Secretario/a: VAZQUEZ CASTRO, JULIO Vocal: SANCHEZ GARCIA, JESUS ANGEL	
CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS		
Número de prazas	1	
Traballo a realizar	Actualizar base de datos de edificios galegos desaparecidos -Xestión de reunións científicas -Coordinación de publicación científica e dun sitio web. - Xestión administrativa do grupo de investigación	
Funcións a realizar	-Selección e preparación de textos e imaxes para a base de datos de edificios desaparecidos, -Coordinación e xestión de reunión científica e das correspondentes actas, -Xestión administrativa do proxecto de investigación "Memoria del patrimonio arquitectónico desaparecido en Galicia. El siglo XX", - Coordinación dos traballos de investigación e entrega de resultados dos membros do proxecto e grupo de investigación , -Coordinación dos traballos de restitucións 3D a supervisar polos membros do proxecto e grupo de investigación.- Coordinación dunha páxina web para difusión científica do grupo e do proxecto	
Retribución bruta mensual	883,85 €	
Duración do contrato*	14 meses	
Data de inicio prevista**	A partir do día seguinte á data da resolución reitoral de selección	
Xornada laboral	Tempo parcial (17,50 horas semanais) 10:00 13:30	
Categoría laboral	Técnico Superior de Xestión	
REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS/AS		
TITULACIÓN REQUIRIDA		
Doutor/a, grao, licenciatura, arquitectura, enxeñaría ou equivalentes		
MERITOS A VALORAR		
Ítems	Concepto do Ítem	Puntos
Ítem nº 1	Tese de doutoramento sobre Historia da arquitectura e o urbanismo en Galicia	8
Ítem nº 2	Especialidade en arte medieval, moderna e contemporánea	9
Ítem nº 3	Publicacións sobre historia da arquitectura e o urbanismo en Galicia	15
Ítem nº 4	Experiencia acreditable en traballo con bases de datos	15
Ítem nº 5	Experiencia acreditable en proxectos ou grupos de investigación no campo da arquitectura e do urbanismo galegos	28
Ítem nº 6	Entrevista persoal. A entrevista realizarase unicamente a/os candidata/o/s que na suma do resto dos méritos acaden un mínimo de 50 puntos.	25

\*A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adxudicación do contrato e/ou da duración da actividade/proxecto de investigación.

\*\* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adxudicación do contrato.

Convocatoria pública 1/2021

REFERENCIA DA PRAZA: 2020-PG032

12

DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS		
Denominación	Consolidación 2020 GPC GI-1811 Estudos dos sistemas culturais galego, luso, brasileiro e africanos de lingua portuguesa – GALABRA <i>Proxecto financiado pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade</i>	
Centro de Traballo	Facultade de Filoloxía	
Investigador principal	FEIJO TORRES, ELIAS JOSE	
Membros da Comisión Especializada de Selección	Presidente/a: FEIJO TORRES, ELIAS JOSE Secretario/a: VILLARINO PARDO, Ma DEL CARMEN Vocal: CARRAL VILARIÑO, EMILIO	
CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS		
Número de prazas	1	
Traballo a realizar	elaboração estatística e traballo de campo no ámbito das narrativas, comunidades e territorios e circulación de bens simbólicos.	
Funcións a realizar	Traballo de campo. Entrevistas, observación participante. Outras actividades similares cuantitativas/qualitativas , Elaboração estatística básica e clasificación de datos , Revisão e informes bibliográficos , Apoio à información no facebook e páxina do Grupo: redegalabra.org e elaboración de audiovisuais divulgativos, Apoio técnico à realización de eventos ou solicitudes científicas e gestão de Proxectos	
Retribución bruta mensual	883,85 €	
Duración do contrato*	3 meses	
Data de inicio prevista**	A partir do día seguinte á data da resolución reitoral de selección	
Xornada laboral	Tempo parcial (17,50 horas semanais) 09:00 12:30	
Categoría laboral	Técnico/a superior investigación	
REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS/AS		
TITULACIÓN REQUIRIDA		
Doutor/a, grao, licenciatura, arquitectura, enxeñaría ou equivalentes		
MERITOS A VALORAR		
Ítems	Concepto do Ítem	Puntos
Ítem nº 1	Domínio pacotes estatísticos para ciencias sociais	35
Ítem nº 2	Conhecimento nivel B2/ C1 inglés	20
Ítem nº 3	Experiencia/formação em trabalho de campo nas ciencias sociais	20
Ítem nº 4	Entrevista persoal. A entrevista realizarase unicamente a/os candidata/o/s que na suma do resto dos méritos acaden un mínimo de 50 puntos.	25

\*A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adxudicación do contrato e/ou da duración da actividade/proxecto de investigación.

\*\* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adxudicación do contrato.

Convocatoria pública 1/2021

REFERENCIA DA PRAZA: 2020-PG033

13

DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS		
Denominación	Consolidación 2020 GPC GI-1839 Literatura galega. Literatura Infantil e Xuvenil. Investigacións literarias, artísticas, interculturais e educativas - LITER21 <i>Proxecto financiado pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade</i>	
Centro de Traballo	Facultade de Ciencias da Educación	
Investigador principal	FRANCO VAZQUEZ, MARIA DEL CARMEN	
Membros da Comisión Especializada de Selección	Presidente/a: FRANCO VAZQUEZ, MARIA DEL CARMEN Secretario/a: NEIRA RODRIGUEZ, MARTA Vocal: CORTIZAS VARELA, OLALLA	
CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS		
Número de prazas	1	
Traballo a realizar	Apoio á organización e xestión das actividades do grupo GI-1839 LITER21. Utilización de ferramentas ofimáticas como procesadores de textos, manexo de bases de datos, formularios electrónicos	
Funcións a realizar	Busca de información de interese para o grupo en diferentes fontes (selección de convocatorias para solicitude de proxectos, revistas, congresos...), Organización e actualización da páxina web , Xestión de desprazamentos e aloxamentos dos membros do grupo , Redacción de diferentes tipos de informes	
Retribución bruta mensual	704,185 €	
Duración do contrato*	3 meses	
Data de inicio prevista**	A partir do día seguinte á data da resolución reitoral de selección	
Xornada laboral	Tempo parcial ( 17,50 horas semanais ) Luns , Martes, Mércores e Xoves 16:00 20:00, Venres de 16 a 17:45 h.	
Categoría laboral	Técnico especialista en investigación	
REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS/AS		
TITULACIÓN REQUIRIDA		
Bacharel ou técnico, bacharelato unificado polivalente, FP II, FP grao superior, ciclo formativo de grao medio ou equivalentes		
MERITOS A VALORAR		
Ítems	Concepto do ítem	Puntos
Ítem nº 1	Grao/Licenciado en Filoloxía, Licenciado/Grao en Belas Artes, licenciatura ou grao en Comunicación Audiovisual e a de Historia do Arte	15
Ítem nº 2	Ter formación en ferramentas ofimáticas	20
Ítem nº 3	Ter coñecemento do inglés B1	20
Ítem nº 4	Experiencia acreditable en aspectos de arte/y o literatura	20
Ítem nº 5	Entrevista persoal. A entrevista realizarase unicamente a/os candidata/o/s que na suma do resto dos méritos acaden un mínimo de 50 puntos.	25

\*A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adjudicación do contrato e/ou da duración da actividade/proxecto de investigación.

\*\* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adjudicación do contrato.

Convocatoria pública 1/2021

